

Instrución IV/2004 de Xerencia para traballadoras embarazadas ou en período de lactación

A Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais reconece o dereito do persoal a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo, dereito que supón a existencia dun correlativo deber de protección por parte da empresa.

A mesma Lei 31/1995 obriga a considerar as situacións que poderán representar un risco específico para as mulleres en situación de embarazo ou parto recente, por repercusión negativa na súa saúde ou na do seu feto.

Co fin de facilitar a adopción das medidas necesarias que eviten a exposición das mulleres traballadoras a calquera risco específico en situación de embarazo ou lactación, toda muller pertencente a calquera do cadro de persoal da USC deberá proceder a comunicar ao Servizo de Vixilancia da Saúde da USC a súa situación de embarazo.

Para calquera outra información ao respecto poden dirixirse as interesadas ao propio Servizo de Vixilancia da Saúde e consultar na páxina web do Servizo de Prevención de Riscos da USC a norma: "riscos xerais, específicos e prohibicións para traballadoras embarazadas, que deran a luz recentemente ou que se atopan en período de lactación".

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2004
O Xerente en funcións
Xosé Manuel Villanueva Prieto